

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 8 DE XUÑO DE 2.011**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e cincuenta minutos do día 8 de xuño de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Serafin Vázquez Arias, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez; dona Vitoria Fernández Vigo; D. Arcadio Lombao Román e D<sup>a</sup> Dulce María Neira Fraga, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍA 25 DE FEBREIRO, 25 DE ABRIL E 29 DE ABRIL DE 2011.**

Ponse de manifesto aos membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 25 de febreiro, 25 de abril e 29 de abril de 2011.

Sométese a votación a aprobación das citadas actas. Realizada a votación, quedan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

Trala aprobación das actas, o sr. Alcalde agradece a tódolos membros da Corporación municipal o correcto desempeño da súa función institucional ao longo da presente lexislatura, expoñendo cada quen o seu punto de vista como é propio no correcto funcionamento dunha institución democrática.

Tamén agradece ao personal do Concello o correcto desempeño do seu cometido.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta.

O Secretario

V<sup>o</sup>B<sup>o</sup>; O Alcalde